

ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL 19

PAVT: O Parque Arqueolóxico do Vale do Terva

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 8 de maio de 2018



O Encontro Monográfico do Património Cultural 19 viaxa a Portugal, en concreto ao Parque Arqueolóxico do Vale do Terva/PAVT, no concello de Boticas, no norte portugués. O PAVT é un proxecto conxunto do Municipio de Boticas e da Universidade do Minho, que resulta dunha visión asentada nunha concepción bioeconómica do mundo, que ten como paradigma de xestión o 'desenvolvemento sostible', que se caracteriza pola preocupación pola integración ambiente-economía e coevolución, polo crecemento económico adaptado ás capacidades biofísicas e ás variacións socioculturais e polas necesidades de adaptacións estruturais, políticas, económicas e tecnolóxicas para xestionar os procesos de cambio.

Preténdese que o PAVT sexa un parque arqueolóxico con carácter xeográfico continuo, cun conxunto de sitios arqueolóxicos e monumentos históricos que se constitúen como elementos patrimoniais relevantes e representativos das diversas paisaxes que se configuraron na longa ocupación humana do territorio. O obxectivo principal será sempre o da promoción do seu territorio, apoiado na exploración das súas potencialidades a nivel do turismo histórico, cultural e da natureza e da economía agropecuaria, que deben ser soportadas pola investigación continuada e consecuente transferencia de coñecemento.

A compoñente de valorización do proxecto PAVT oriéntase cara á cualificación do gozo do patrimonio por parte do público, concretándose nun conxunto de accións prioritarias para a persecución dese obxectivo: clasificación do complexo mineiro antigo como ben cultural, construción de infraestruturas e instalación de equipamentos, así como promoción, divulgación e desenvolvemento de estudos e proxectos.

PROGRAMA

17:00 horas

Presentación

Rebeca Blanco-Rotea

17:15 horas

PAVT: O Parque Arqueológico do Vale do Terva

Luís Fontes, Unidade de Arqueologia da

Universidade do Minho

18:15 horas

Debate-coloquio

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

COORDINA

Rebeca Blanco Rotea

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao Encontro.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

